



[Gal/Cast] Comunicado do CPIG perante o 17 de abril

CPIG :: 15/04/2014

Comunicado del colectivo de pres@s galeg@s ante el 17 de abril

Galego

Desde o Colectivo de Presos/as Independentistas Galegos/as aproveitamos a proximidade do 17 de Abril, jornada de apoio á luta dos/as presos/as políticos/as, para trasladar varias reflexons de interese para o Movemento independentista, e particularmente para o espazo solidário galego no camiño conxunto que estamos a facer cara o respecto dos dereitos que nos corresponde até a liberdade dos militantes galegos encarcerados.

Nas cadeias españolas levamos anos enfrentando unha política penitenciaria; moitas veces denunciada e coñecida polo movemento popular galego, caracterizada pola dispersión, o réxime FIES, restricións e a soedade política imposta que busca romper os vínculos entre nós e con o noso Movemento político.

O Estado Español mantem a tentativa permanente e amplamente fracasada de destruír o persoal, pretendendo a renúncia á nosa identidade e ao proxecto combatente ao que pertencemos. A chantaxe, a presión individualizada e o acoso tamén fan parte desta estratexia de guerra carceraria contra algúns militantes. O Estado pretende a claudicación política a cambio de algunhas migalhas como serían certas melloras dentro ou o posíbel acercamento a unha prisión na Galiza.

O CPIG rechaza as saídas individualistas para os presos independentistas. As opcións persoais unilaterais supoñen unha deslealdade á dinámica colectiva, fortalecendo a mesma política penitenciaria que seguimos a sufrir nas cadeias españolas. Deixamos ben clara a nosa oposición a calquera “vía Nanclores” galega, exixindo o traslado a unha prisión en territorio galego e o agrupamento do noso Colectivo, sen condicións, nem contra-partida política algunha, tal e como reivindicamos nas protestas mensais.

Os combatentes presos, organizados no CPIG, reclamamos de novo ao conxunto do independentismo galego, ás organizacións solidarias e democráticas a continuidade no traballo permanente de denuncia, apoio e respaldo ás nosas reivindicacións, acompañando ao CPIG na nosa luta, longa e difícil, mais que sen dúbida, entre tod@s, venceremos!

A luta é o único camiño!

Independência!

Traducción La Haine-Galiza

Castellano

Desde el Colectivo de Presos/as Independentistas Galegos/as aprovechamos la proximidad del 17 de abril, jornada de apoyo a la lucha de los pres@s polític@s, para trasladar varias reflexiones de interés para el Movimiento independentista, y particularmente para el espacio solidario galego en el camino conjunto que estamos desarrollando respecto a los derechos que nos corresponden hasta la libertad de l@s militantes galeg@s encarcelad@s.

En las cárceles españolas llevamos años enfrentando una política penitenciaria; muchas veces denunciaida y conocida por el movimiento popular galego, caracterizada por la dispersión, el régimen FIES, restricciones y la soledad política impuesta que busca romper los vínculos entre nosotr@s y con nuestro Movimiento político.

El Estado Español mantiene la intención permanente y ampliamente fracasada de destrucción personal, pretendiendo la renuncia a nuestra identidad y al proyecto combatiente al que pertenecemos. El chantaje, la presión individualizada y el acoso también forman parte de esa estrategia de guerra carcelaria contra algunos militantes. El Estado pretende la claudicación política a cambio de algunas migajas como serían ciertas mejoras dentro o un posible acercamiento a una prisión en Galiza.

El CPIG rechaza las salidas individualistas para los presos independentistas. Las opciones personales unilaterales suponen una deslealtad a la dinámica colectiva, fortaleciendo la misma política penitenciaria que seguimos sufriendo en las cárceles españolas. Dejamos bien clara nuestra oposición a cualquier "Vía Nanclares" galega, exigiendo el traslado a una prisión en territorio galego y el agrupamiento de nuestro Colectivo, sin condiciones, ni contra-partida política alguna, tal y como reivindicamos en las protestas mensuales.

L@s combatientes pres@s organizados en el CPIG, reclamamos de nuevo al conjunto del independentismo gxalego, a las organizaciones solidarias y democráticas la continuidad en el trabajo permanente de denuncia, apoyo y respaldo a nuestras reivindicaciones, acompañando al CPIG en nuestra lucha, larga y difícil, pero que sin duda, entre tod@s, venceremos!

A luita é o único caminho!!
Independência!

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-comunicado-do-cpig-perante-o-17>